

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15025611	IES Monte das Moas	A Coruña	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Relixión católica	1º ESO	1	35

Réxime
Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	4
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	5
4.1. Concrecións metodolóxicas	13
4.2. Materiais e recursos didácticos	14
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	15
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	15
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	15
6. Medidas de atención á diversidade	16
7.1. Concreción dos elementos transversais	16
7.2. Actividades complementarias	17
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	17
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	18
9. Outros apartados	18

Borrador

1. Introducción

Coa incorporación da materia de Relixión ao currículo de Educación Secundaria Obrigatoria, a lexislación educativa en España é coherente coa Declaración Universal dos Dereitos Humanos de 1948, que recoñece o dereito de todos a unha educación integral e o dereito preferente das familias para elixir o tipo de educación que haberá de darse aos seus fillos e fillas. Estes dereitos e liberdades fundamentais están así recoñecidos no Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais de 1966 e na Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea do 2000. A LOMLOE, ademais, no primeiro apartado do seu primeiro artigo, asegurou o cumprimento efectivo dos dereitos da infancia segundo o establecido na Convención sobre os Dereitos do Neno. Son referencias básicas do dereito internacional ratificadas polo Estado español. Cúmprese así o establecido na Constitución española de 1978 no seu Título primeiro sobre dereitos e liberdades fundamentais, no referido á liberdade relixiosa e o dereito á educación.

Neste marco, o ensino da Relixión Católica propónse como materia curricular de oferta obrigatoria para os centros escolares e de libre elección para as familias. Forma parte da proposta educativa necesaria para o pleno desenvolvemento da personalidade dos alumnos e alumnas.

O currículo da materia de Relixión Católica é resultado dun fecundo diálogo da Teoloxía, fonte epistemolóxica que proporciona os saberes básicos esenciais para unha formación integral na escola inspirada na visión cristiá da vida, con outras fontes curriculares, especialmente a psicopedagóxica, que orientan o necesario proceso educativo na Educación Secundaria Obrigatoria. O deseño curricular da materia de Relixión Católica tivo en conta o contexto global que está a vivir a educación nas primeiras décadas do século XXI: dialogou co marco europeo de educación nas súas competencias clave de 2018 e quere integrarse no seu horizonte de 2025, deixouse interpelar pola sensibilidade dos obxectivos de desenvolvemento sostible e a cidadanía global e intercultural, e tivo en conta a oportunidade de reimaxinar os futuros da educación priorizando o aprender a ser e a vivir con outros. Á vez, deixouse afectar polos compromisos do Pacto Educativo Global, promovido pola Igrexa católica, que subliña a centralidade da persoa nos procesos educativos, a escoita das novas xeracións, a acollida de todas as realidades persoais e culturais, a promoción da muller, a responsabilidade da familia, a educación para unha nova política e economía e o coidado da casa común. Especialmente, o currículo de Relixión Católica ábrese ás iniciativas eclesiais da Misión 4.7, sobre a ecoloxía integral, e do Alto Comisionado para a Fraternidade Humana conformado por diversas relixións para construír a casa común e a paz mundial. Desta maneira, o ensino da relixión católica, mantendo a súa peculiaridade e a esencia do diálogo fe-cultura e fe-razón que a caracterizou na democracia, acolle os signos dos tempos e responde aos desafíos da educación neste século XXI.

Facilítase unha aprendizaxe competencial dos contidos, de maneira que as aprendizaxes sexan útiles para a vida dos alumnos, contribuíndo á súa formación integral e á súa inserción social. A abordaxe dos contidos faise a través de actividades que susciten o interese dos alumnos, que promovan o diálogo e que buscan expor cuestións que fagan reflexionar sobre os grandes interrogantes vitais. Antes de abordar os novos contidos detéctanse os coñecementos previos do alumnado.

O Proxecto é modular e flexible, o que permite a creación de itinerarios de aprendizaxe que se adaptan ás particulares do novo currículo. Baséase no Deseño Universal de Aprendizaxe (DUA), para definir as situacións de aprendizaxe, os retos, os escenarios cooperativos, as estratexias de pensamento, facendo accesible a aprendizaxe a todos os alumnos.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Identificar, valorar e expresar os elementos crave da dignidade e identidade persoal a través da interpretación de biografías significativas, para asumir a propia dignidade e aceptar a identidade persoal, respectar a dos outros, e desenvolver con liberdade un proxecto de vida con sentido.	1-3			1-4	1-2-4-5		2-3	3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Valorar a condición relacional do ser humano, desenvolvendo destrezas e actitudes sociais orientadas á xustiza e á mellora da convivencia tendo en conta o maxisterio social da Igrexa, para aprender a vivir con outros e contribuír á fraternidade universal e a sustentabilidade do planeta.	2-5	3	5	3	3	1-2-4	1	
OBX3 - Asumir os desafíos da humanidade desde unha perspectiva inclusiva recoñecendo as necesidades individuais e sociais, discerníndoos coas claves do «Reino de Deus», para implicarse persoal e profesionalmente na transformación social e o logro do ben común.	1-5		3	1	3	3-4	1	3
OBX4 - Interpretar e admirar o patrimonio cultural nas súas diferentes expresións, recoñecendo que son portadoras de identidades e sentido, apreciando como o cristianismo se ha encarnado en manifestacións diversas, para desenvolver sentido de pertenza, participar na construción da convivencia e promover o diálogo intercultural no marco dos dereitos humanos.	4	3		2-3		3		1-2-4
OBX5 - Recoñecer e apreciar a propia interioridade, a experiencia espiritual e relixiosa, presente en todas as culturas e sociedades, comprendendo a experiencia de personaxes relevantes e valorando as posibilidades do relixioso, para discernir posibles respostas ás preguntas sobre o sentido da vida, e favorecer o respecto entre as diferentes tradicións relixiosas.	1				1-3-5	3	2	1-3
OBX6 - Identificar e comprender os contidos esenciais da Teoloxía cristiá, contemplando e valorando a contribución da tradición cristiá á procura da verdade, para dispoñer dunha síntese do cristianismo que permita dialogar con outras tradicións, paradigmas e cosmovisións.	2-3		4	1	4-5	1-4	3	1

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Buscando as orixes. A Creación.	Acercarase ao alumnado a maneira que tiñan de entender as orixes as distintas	15	6	X		

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Buscando as orixes. A Creación.	culturas desde a prehistoria, Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma, para de seguido sumerxirnos na Xénese e ver de preto cómo nos presenta a Creación. Por último, a relación entre a ciencia e a fe neste aspecto.	15	6	X		
2	Un pobo elixido. A historia do pobo de Israel.	O alumnado aprenderá a historia do pobo elixido por Deus, a vida de personaxes bíblicos que tiveron unha especial relación con Deus e como Deus os libera, os guía e establece unha alianza.	15	6	X		
3	Camiño, verdade e vida. Xesús, Deus e home.	O alumnado coñecerá a vida de Xesús de Nazaret así como a súas palabras e feitos, o significado do Reino de Deus, a súa xustiza e a súa concreción no mundo de hoxes.	20	6		X	
4	Ensínannos o camiño. Os Evanxeos.	Este tema céntrase nos Evanxeos, que son e como se formaron, as características de cada un e o seu autor. Tamén se achegará ao alumnado as claves tanto para a súa lectura como para o seu entendemento.	20	6		X	
5	Un pobo que camiña. La Iglesia, presenza de Xesucristo.	Os alumnos descubrirán que é, como e cando nace a Igrexa, como viven os primeiros cristiáns e como segue presente Xesucristo na Igrexa.	15	6			X
6	Camiñar na fe. Espírito Santo e sacramentos.	O alumnado achegarase a imaxe do Espírito Santo para coñecer quen é, e de que se ocupa. Aprenderá cantos, cales, que son e as características dos sacramentos e os sacramentos na vida das persoas crentes.	15	5			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Buscando as orixes. A Creación.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identifica as características da visión bíblica sobre o ser humano e relaciónaa coa dignidade persoal, que tamén recoñece nos outros.	PE	60
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Interpreta o patrimonio literario, artístico e cultural e valórao como expresión da encarnación da mensaxe cristiá.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Valora a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica a Xesucristo como núcleo do cristianismo, a Biblia como o libro do Pobo de Deus e valora as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analiza relatos bíblicos de vocación e misión.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñece a diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus.	TI	40
CA1.10 - Respetar as diferentes igrexas e tradicións relixiosas, coñecendo e valorando as crenzas, ritos, símbolos e principios de cada unha delas, tendo elementos de xuízo persoal que favorezan o diálogo interrelixioso.	Respecta as distintas igrexas e tradicións relixiosas, sendo quen de valorar as crenzas, ritos e símbolos de cada unha.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
2	Un pobo elexido. A historia do pobo de Israel.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identifica algunhas características da visión bíblica do ser humano e relaciónaa coa dignidade.	PE	60
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Ten actitudes de xustiza e solidariedade respectando a diversidade tomando conciencia de que forma parte do Reino de Deus		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Identifica nas expresións culturais rasgos da fe cristiá. Entende o significado do patrimonio literario, cultural e artístico.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia, como expresión da comunicación e relación de Deus co pobo de Israel e o ser humano e identifica a Xesucristo como a comunicación definitiva de Deus.		
CA1.1 - Describir e aceptar os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, analizando relatos bíblicos de vocación e misión, así como outras biografías significativas.	Describe os trazos e dimensións fundamentais da identidade persoal, e analiza relatos bíblicos.	TI	40
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escoita para o desenvolvemento persoal e a mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.		
CA1.4 - Desenvolver empatía e recoñecemento da diversidade persoal e social, inspirándose no ser relacional de Deus, manifestado na historia da salvación.	Recoñece a diversidade persoal e social, inspírandose no ser relacional de Deus.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Aprecio da oración e a contemplación na tradición xudeocristiana e outras relixións como encontro coa bondade, a verdade e a beleza e a posibilidade para o diálogo intercultural e interrelixioso. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palavra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - As diversas igrexas e comunidades cristiás coas súas propostas éticas para a vida en sociedade. - A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.

UD	Título da UD	Duración
3	Camiño, verdade e vida. Xesús, Deus e home.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Recoñece como o encontro con Xesús suscita una transformación persoal.	PE	60
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza situacións de inxustiza na súa contorna e propón accións en favor dos máis desfavorecidos.		
CA1.9 - Valorar a experiencia espiritual e relixiosa como dimensión humana e social propia de todos os pobos e culturas, coñecendo a especificidade da espiritualidade xudeocristiana e doutras relixións.	Valora, como propia de todos os pobos e culturas a experiencia espiritual e relixiosa.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica a Xesús como a revelación plena do ser de Deus.		
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Recoñece na fraternidade universal a razón eclesial pola que, a pesar da diversidade, todos pertencemos a unha familia común.	TI	40
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Interpreta, ao longo da historia e ata o presente, nas expresións culturais rasgos da fe cristiá.		
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Elabora unha primeira síntese da fe cristiá mantendo as conviccións propias e respectando ás dos outros.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - As claves bíblicas de Alianza, Pobo, e Historia na comprensión da dimensión creatural e relacional da persoa e as súas consecuencias. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A proposta ética e relixiosa do Reino de Deus en sociedades plurais. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.

UD	Título da UD	Duración
4	Ensínannos o camiño. Os Evanxeos.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identifica, na tradición bíblica e nos evanxeos, as características do ser humano e, o mandamento do amor como norma de relación con un mesmo e cos outros.	PE	60
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Interpreta nas expresións culturais rasgos da fe cristiá e comprende o significado dos símbolos e a experiencia relixiosa que as xerou e que transmiten.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Recoñece a Biblia como expresión da comunicación de Deus co Pobo de Israel e co ser humano e identifica a Xesucristo como a comunicación definitiva de Deus.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escoita para o desenvolvemento persoal e a mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	TI	40
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Coñece que o anuncio do Reino se realiza en categorías comprensibles e próximas a quen vai dirixido a mensaxe		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza situacións de inxustiza na súa contorna e propón accións en favor dos máis desfavorecidos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Relatos bíblicos e biografías sobre vocación e misión. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersonal. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - A Biblia, Palabra de Deus en palabras humanas que narra a relación entre Deus e o seu Pobo, a súa composición e xéneros literarios. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Xesucristo e a súa relación cos grupos sociais e relixiosos da época, e a súa opción preferente polas persoas máis desfavorecidas. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá. - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa.

UD	Título da UD	Duración
5	Un pobo que camiña. La Iglesia, presenza de Xesucristo.	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Relaciona o anuncio do Reino de Deus coa misión que Xesús encomendou aos seus discípulos e á Igrexa. Recoñece que responsabilidade e solidariedade son valores que deben sustentar a sociedade.	PE	60

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Implícase en proxectos de axuda a persoas necesitadas. Valora a importancia de loitar contra a inxustiza, violencia e discriminación.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Analiza obras de arte entendendo o significado dos símbolos. Comprende as redes sociais e o mundo dixital como una expresión cultural contemporánea coa que o Evanxeo tamén pode dialogar.		
CA1.11 - Identificar a Xesucristo como núcleo esencial do cristianismo, e a Biblia como libro do Pobo de Deus, valorando as súas achegas á vida das persoas e as sociedades.	Identifica a Xesucristo como centro do cristianismo e a Biblia como o libro do Pobo de Deus.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Adquire habilidades de relación con outros poñendo en práctica estratexias de reflexión e axuda mutua para mellorar a convivencia na escola e na familia.		
CA1.7 - Situar e interpretar as expresións culturais e as súas linguaxes nos seus contextos históricos, apreciando a súa contribución á identidade persoal e social e aos Dereitos Humanos, facilitando a convivencia e o diálogo intercultural.	Analiza obras de arte comprendendo o significado dos símbolos e o significado do que transmiten. Situa e interpreta expresións culturais no seu contexto histórico e aprecia a súa contribución a identidade persoal e social, facilitando a convivencia e diálogo intercultural.	TI	40

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Trazos e dimensións fundamentais da vida humana en relación coa visión cristiá da persoa. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal. - A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos. - Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural. - Xesucristo, revelación plena de Deus e acontecemento e salvación para a humanidade. - A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica. - Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía. - Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura. - Corresponsables no coidado das persoas e do planeta. - Dinámicas persoais e sociais que dificultan ou impiden a construción do ben común, á luz do Evanxeo e da Tradición cristiá.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Situacións próximas de inxustiza e exclusión analizadas criticamente desde o maxisterio social da Igrexa. - Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

UD	Título da UD	Duración
6	Camiñar na fe. Espírito Santo e sacramentos.	5

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar as características da visión bíblica sobre o ser humano, relacionándoa coa dignidade persoal, recoñecéndoa nos outros.	Identifica as características da visión bíblica sobre o ser humano e relaciónaa coa dignidade.	PE	60
CA1.5 - Xerar actitudes de xustiza e solidariedade, respectando a diversidade e tomando conciencia da responsabilidade compartida e a común pertenza, no horizonte do Reino de Deus.	Xera actitudes de xustiza e solidariedade respectando a diversidade e tomando conciencia de que forma parte do Reino de Deus.		
CA1.6 - Analizar as necesidades sociais, identificando as situacións de inxustiza, violencia e discriminación, coas súas causas, discerníndoas segundo o proxecto do Reino de Deus, implicándose en propostas de transformación social.	Analiza situacións de inxustiza na súa contorna e propón accións en favor dos máis desfavorecidos.		
CA1.8 - Razoar como a fe cristiá, no presente e ao longo da historia, fíxose cultura, interpretando o patrimonio literario, artístico e cultural e valorándoo como expresión da encarnación da mensaxe cristiá en diferentes linguaxes.	Interpreta os elementos cristiáns presentes ao longo da historia e comprende o significado dos símbolos e a experiencia relixiosa que os xerou e que transmiten.		
CA1.3 - Adquirir habilidades e actitudes de relación con outros, poñendo en práctica estratexias efectivas de reflexión e de comunicación, de axuda mutua, de participación e de inclusión, orientadas á mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	Comprende a importancia da comunicación e a escoita para o desenvolvemento persoal e a mellora da convivencia na familia e na escola como expresión da fraternidade universal.	TI	40
CA1.12 - Elaborar unha primeira síntese da fe cristiá, subliñando a súa capacidade para o diálogo entre a fe e a razón, entre a fe e a cultura, mantendo as conviccións propias con pleno respecto ás dos outros.	Elabora unha primeira sínteses da fe cristiá, entende a fe como unha resposta ao encontro persoal con Xesús que vive na comunión de fe coa Igrexa. Mantén as conviccións propias e respecta as dos demais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Dignidade humana e proxecto persoal na visión cristiá da vida. - Relacións fundamentais da persoa: consigo mesma, cos demais, coa natureza e con Deus. - Habilidades e actitudes de escoita, empatía e expresión asertiva para unha comunicación interpersoal.

Contidos

- A espiritualidade e a experiencia relixiosa como realización humana e social. A súa relación cos sacramentos.
- Cosmovisión, identidade cristiá e expresión cultural.
- María, Nai de Xesús e Nai da Igrexa, testemuña da fe.
- A experiencia e as crenzas cristiás expresadas no Credo da Igrexa católica.
- Comprensión dos símbolos e as celebracións da liturxia cristiá, dos sacramentos e da súa teoloxía.
- Estratexias de análises de obras de contido relixioso en distintas linguaxes, apreciando a achega do cristianismo á cultura.
- Corresponsables no coidado das persoas e do planeta.
- A valoración positiva da Igrexa cara á diversidade relixiosa e as súas expresións.
- Proxectos sociais da Igrexa ao longo da súa historia e a súa achega á inclusión social e á ecoloxía integral.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A adquisición e o desenvolvemento das competencias clave do Perfil de saída do alumnado ao termo do ensino básico, que se concretan nas competencias específicas de cada materia ou ámbito da etapa, veranse favorecidos por metodoloxías didácticas que recoñezan ao alumnado como axente da súa propia aprendizaxe. Para iso é imprescindible a implementación de propostas pedagóxicas que, partindo dos centros de interese dos alumnos e alumnas, permítanlles construír o coñecemento con autonomía e creatividade desde as súas propias aprendizaxes e experiencias. As situacións de aprendizaxe representan una ferramenta eficaz para integrar os elementos curriculares das distintas materias ou ámbitos mediante tarefas e actividades significativas e relevantes para resolver problemas de maneira creativa e cooperativa, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión crítica e a responsabilidade.

Para que a adquisición das competencias sexa efectiva, ditas situacións deben estar ben contextualizadas e ser respectuosas coas experiencias do alumnado e as súas diferentes formas de comprender a realidade. Así mesmo, deben estar compostas por tarefas complexas cuxa resolución leve a construción de novas aprendizaxes. Con estas situacións búscase ofrecer ao alumnado a oportunidade de conectar e aplicar o aprendido en contextos próximos á vida real. Así expostas, as situacións constitúen un compoñente que, aliñado cos principios do Deseño universal para a aprendizaxe, permite aprender a aprender e sentar as bases para a aprendizaxe ao longo da vida, fomentando procesos pedagóxicos flexibles e accesibles que se axusten ás necesidades, as características e os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado.

O deseño destas situacións debe supor a transferencia das aprendizaxes adquiridas por parte do alumnado, posibilitando a articulación coherente e eficaz dos distintos coñecementos, destrezas e actitudes propios desta etapa. As situacións deben partir da formulación duns obxectivos claros e precisos que integren diversos saberes básicos. Ademais, deben propor tarefas ou actividades que favorezan diferentes tipos de agrupamentos, desde o traballo individual ao traballo en grupos, permitindo que o alumnado asuma responsabilidades persoais e actúe de forma cooperativa na resolución creativa do reto exposto. A súa posta en práctica debe implicar a produción e a interacción verbal e incluír o uso de recursos auténticos en distintos soportes e formatos, tanto analóxicos como dixitais. As situacións de aprendizaxe deben fomentar aspectos relacionados co interese común, a sustentabilidade ou a convivencia democrática, esenciais para que o alumnado sexa capaz de responder con eficacia aos retos do século XXI.

As formulacións metodolóxicas desta materia fundaméntanse, globalmente, na atención personalizada ao alumnado, na diversidade de actividades, estratexias, recursos e outros métodos didácticos; no coidado do desenvolvemento emocional e cognitivo do alumnado respectando o seu ritmo evolutivo; na aprendizaxe individualizada e cooperativa; na relación das aprendizaxes coa contorna, nun enfoque competencial orientado á acción, o emprendemento e a aplicación dos saberes.

Será necesario ter en conta as condicións persoais, sociais e culturais de todos os alumnos e alumnas para detectar necesidades específicas e propor accións de reforzo ou ampliación, flexibilizando os procesos e garantindo a inclusión de todo o alumnado. A avaliación compréndese como parte deste proceso de ensino e aprendizaxe. A materia de

Relixión Católica confire una insubstituíble responsabilidade á figura do docente cuxa intervención é esencial na xestión do proceso de ensino, tanto na súa programación como no seu desenvolvemento e avaliación.

A didáctica da materia de Relixión Católica exposta en termos dun currículo competencial haberá de promover o protagonismo do alumnado no seu propio proceso de aprendizaxe. Algúns dos pasos a seguir nas secuencias de aprendizaxe son:

- Partir da experiencia concreta do alumno e a alumna, e da súa realidade persoal, familiar, social e cultural;
- Identificar e formular con pensamento crítico os interrogantes e cuestións que suscitan estas situacións;
- Buscar, analizar e contrastar as experiencias e interrogantes, con fontes bíblicas, o Maxisterio eclesial, o patrimonio artístico, e outras referencias do diálogo fe-cultura;
- Elaborar respostas persoais e sociais desde a liberdade individual con pleno respecto ás ideas dos demais, contrastadas cos principios do ensino social da Igrexa;
- Dialogar con outras cosmovisións e relixións, para a construción da vida en sociedades plurais e democráticas baseadas no ben común;
- Comunicar con asertividade e empatía as ideas e crenzas propias utilizando con creatividade diversos linguaxes;
- Aplicar este proceso formativo na construción da identidade persoal e do proxecto vital como preparación para a aprendizaxe para toda a vida, e na transformación social.

A diversidade de metodoloxías activas que se poden aplicar haberán de ter en conta os pasos deste itinerario pedagóxico e as competencias específicas, os criterios de avaliación e os saberes básicos, é dicir, as aprendizaxes esenciais desta materia.

As orientacións metodolóxicas e cara a avaliación programadas harmonizarán de forma coherente estas aprendizaxes que se propoñen na materia de Relixión Católica, as necesidades propias do alumnado, e os obxectivos de etapa e o perfil de saída.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos facilitados polo profesor
Distintos materiais: fotocopias, imaxes para comentar e desenvolver o aprendido,....
Documentos da Igrexa Católica: encíclicas, documentos do Concilio Vaticano II,...
Biblia
Aula Virtual do centro
Recursos lúdicos tanto en papel como en soporte dixital (crucigramas, sopas de letras, kahoots,...)
Artigos de revistas e xornais, información de ONGs
Películas e documentais

Os recursos didácticos que se propoñen están en coherencia e ao servizo dos demais elementos desta programación didáctica. A insuficiente carga lectiva da nosa materia esixe unha planificación que permita rendibilizar os tempos de traballo directo co grupo para desenvolver o programado.

Non hai libro de texto, apórtase ao alumnado apuntamentos, guións, fichas,... con indicacións de traballo, para que él mesmo vaia construíndo a súa propia aprendizaxe.

Engadir que se utilizarán todos aqueles recursos que se precisen según se vaia desenvolvendo o curso.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao ser a Relixión unha materia de oferta obrigatoria para o centro e de libre elección para o alumnado, este pode acceder á materia mesmo sen tela cursado con anterioridade polo que non é necesario que acredite coñecementos previos. Con todo, tomarase información dos coñecementos do alumnado, ao comezo do curso, por medio de preguntas sinxelas feitas de forma oral ou escrita.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	15	15	20	20	15	15	100
Proba escrita	60	60	60	60	60	60	60
Táboa de indicadores	40	40	40	40	40	40	40

Criterios de cualificación:

O curso estrutúrase en tres avaliacións parciais, cualificadas cunha nota numérica enteira (entre 1 e 10), a nota mínima para aprobar será un 5 e unha final.

A nota do alumno calcularase segundo os parámetros seguintes:

- Traballo persoal do alumno na aula: facendo fichas, tomando apuntamentos na libreta, orde, limpeza e claridade tanto dos apuntamentos como das actividades propostas, ... Isto supón ata un máximo do 20% da nota.
 - Participación na aula e implicación na materia: preguntas plantexadas polo alumnado, respostas a exercicios ou preguntas plantexadas polo profesor, intervencións, aclaracións, ... suporán ata un 10% da nota.
 - Probas: exercicios escritos ou orais, sobre os contidos explicados e/ou tratados e traballados na aula, suporá un 60% da nota.
 - Traballo en equipo e/ou individual: aqueles traballos propostos polo profesor para realizarse en equipo e/ou individualmente, ata un 10% da nota; de non levarse a cabo, este 10% pasará o ítem de "participación na aula".
- Como o proceso de avaliación da aprendizaxe é contínuo, a cualificación da 3ª avaliación será a que apareza reflectida na avaliación final.

Criterios de recuperación:

Dado que o proceso de avaliación do alumnado é continuo, as dificultades serán detectadas con rapidez e facilitarase que o alumno/-a se poña ao día co traballo non realizado ou cos saberes non adquiridos.

No caso de que o alumno/-a non teña superada algunha das avaliacións, programarase traballo de recuperación encamiñado a que supere as dificultades e poida aprobar o curso. O traballo corresponderá á parte non acadada.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso non procede este apartado.

6. Medidas de atención á diversidade

A Educación Secundaria Obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa estarán orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado e ao logro dos obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria e a adquisición das competencias correspondentes e non poderán, en ningún caso, supoñer unha discriminación que lles impida alcanzar devanditos obxectivos e competencias e a titulación correspondente.

A metodoloxía da materia de Relixión Católica terá en conta os principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe para programar propostas didácticas compostas por prácticas de aprendizaxe, ensino e avaliación que contribúan a enriquecer o proceso de desenvolvemento integral do alumnado, promovendo o seu progreso no recoñecemento da tradición relixiosa e cultural da contorna familiar e social, na adquisición de actitudes, valores e crenzas necesarios para a súa vida persoal e en sociedade, no crecemento interior e proxecto vital, así como na expresión das súas propias emocións e experiencias de forma respectuosa e empática xerando contornas inclusivas e interculturais. Fomentáanse así procesos pedagóxicos accesibles para todos pola diversidade de estratexias e recursos, de espazos e tempos, que se utilizan na aula e pola adaptación do currículo ás necesidades dos diferentes ritmos de aprendizaxe. No deseño das actividades desta materia terase en conta a flexibilidade do currículo, os contextos de ensino inclusivos, e a utilización de recursos accesibles. A adecuada resposta educativa a todos os alumnos concíbese a partir do principio de inclusión, entendendo que únicamente dese modo garántese o desenvolvemento de todos, favorécese a equidade e contribúese a unha maior cohesión social. A atención á diversidade é una necesidade que abarca a todas as etapas educativas e a todos os alumnos, é dicir, trátase de contemplar a diversidade dos alumnos como principio e non como una medida que corresponde ás necesidades duns poucos.

Nos materiais do curso inclúense propostas de atención á diversidade para todos os contidos.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Comunicación audiovisual	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Competencia dixital	X		X	X		X
ET.5 - Emprendemento social e empresarial	X	X	X		X	
ET.6 - Fomento do espírito crítico e científico	X	X		X		X
ET.7 - Educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X
ET.8 - Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Creatividade	X	X	X	X	X	X
ET.10 - Educación para a saúde	X		X	X	X	
ET.11 - Formación estética	X		X		X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.12 - Educación para a sustentabilidade e para o consumo responsable	X	X	X	X	X	X
ET.13 - Respecto mutuo e cooperación entre iguais	X	X	X	X	X	X

Observacións:

Ao traballar os mesmos descritores operativos que as demais materias, a materia de Relixión pode integrarse como unha materia nos proxectos de interdisciplinariedade. Nos propios saberes recóllese a relación con outras disciplinas especialmente Lingua, Historia, Xeografía, Educación Plástica e Visual, etc

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Saída a Valga	Visita ao Belén artesanal de Valga	X		

Observacións:

Ao longo do curso poderanse engadir todas aquelas visitas e actividades que vaian xurdindo e, que sendo de interese para os alumnos/-as, non están reflectidas nesta programación.

Expoñer que, en liñas xerais, os obxectivos das actividades deste departamento son:

--Procurar unha relación entre os alumnos/-as que provoque unha maior consideración das capacidades de autoestima persoal, de inserción social e de afecto.

--Animar o traballo en equipo favorecendo a solidariedade e apreciando o valor do distinto. Facilitar a convivencia e integrar aos alumnos/-as de distintas culturas.

--Completar a formación relixiosa na súa aplicación práctica achegando aos alumnos/-as á cultura, arte e símbolos relixiosos da súa contorna.

Todas as actividades faranse en coordinación con Vicedirección.

Xunto con Xefatura de Estudos estudarase se aqueles alumnos que foran apercibidos por mal comportamento, poden asistir á saída programada ou non.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Programación
Metodoloxía empregada
Avaliación
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Planificación da situación de aprendizaxe

Descrición:

--A programación axústase ao marco normativo curricular estatal e autonómico e ao currículo de Relixión, e está adaptada ás características do centro e do grupo, vincúlase este curso co perfil de saída, os descritores operativos e obxectivos de cada etapa, tívose en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

--A estrutura da situación de aprendizaxe inclúe todos os elementos formais, planificouse a partir dos criterios de avaliación que establece o currículo utilizando en cada secuencia aqueles saberes que permitían progresar na adquisición da correspondente competencia específica, tivéronse en conta os descritores operativos das competencias clave e buscouse o diálogo curricular con outras materias, tívose en conta a diversidade do alumnado en canto a capacidades, distintos niveis cognitivos, ritmos e estilos de traballo, habilidades, estilos de aprendizaxe...

--Se reflexionei e avaliei o meu labor docente durante todo o desenvolvemento da situación de aprendizaxe, realizando modificacións (nas tarefas, nos contidos, na metodoloxía) cando foi necesario, se utilicei variadas ferramentas de avaliación ao longo da tarefa (observación, probas escritas ou orais), se tiveren en conta os criterios de cualificación acordados e difundidos e se estes criterios van referidos non só aos resultados das probas senón ao logro de competencias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Realizarase o seguimento a través da aplicación Proens. Este departamento fará o seguimento da programación ao remate de cada avaliación completando os datos que aparecen na aplicación. Os datos recollidos no seguimento permitirán tomar decisións cara a programación do seguinte curso académico.

9. Outros apartados